



Orzamento da USC para o exercicio 2005

I. INTRODUCCIÓN

Unha vez aprobadas polo Claustro Universitario, na súa sesión do 2 de decembro do ano 2004, as *Liñas Xerais do orzamento para o exercicio 2005*, preséntase unha formulación máis detallada do documento orzamentario ao Consello de Goberno, que o enviará logo ao Consello Social para sometelo á súa aprobación definitiva.

O orzamento para o exercicio 2005 enmárcanse dentro das perspectivas económico-financeiras establecidas no novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2005-2010, no marco do Plan de Equilibrio Económico-Financeiro da Universidade de Santiago de Compostela para os exercicios 2004-2006, e na Programación Plurianual da Universidade para os anos 2004-2006.

▪ Plan de Financiamento do SUG 2005-2010.

O exercicio 2005 constitúe o primeiro ano de aplicación do novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2005-2010, que concreta os recursos que a Comunidade Autónoma achegará ás universidades galegas nos seguintes fondos diferenciados:

- Fondo de financiamento incondicionado:

A contía inicial deste fondo, para o ano 2005, establécese aplicando un incremento do 7,77% á transferencia incondicionada que cada unha das universidades percibiron durante o exercicio 2004. A evolución deste fondo nos seguintes anos de vixencia do plan será a taxa de variación dos ingresos non financeiros do orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio.

- Fondo de calidade:

Este fondo componse dos seguintes bloques:

- Financiamento dos sexenios de investigación e dos complementos autonómicos, en función do custo que cada universidade ten que asumir por estes conceptos. A estimación inicial deste bloque para o ano 2005 é de 10.640.000 euros para o conxunto do SUG.
- Fondos para contratos-programas, cunha dotación inicial global de 2.429.000 euros.
A estimación de ingresos para a USC por este fondo é do 50% da súa dotación.
- Fondo incondicionado de apoio á investigación cunha dotación inicial de 5.250.254 euros.
A estimación de ingresos para a USC por este fondo é do 50% da súa dotación.

A taxa de incremento de cada un destes bloques de financiamento será do 10% en 2006, 13% en cada un dos anos 2007 e 2008, e do 16% en cada un dos exercicios 2009 e 2010.

- Fondo para investimentos:

Os recursos que se achegarán ás universidades para novo investimento e RAM mantéñense na contía actual, de 17.429.352 euros, para cada un dos anos de vixencia do Plan.

No exercicio 2005 os recursos deste fondo repartiránse entre as tres universidades en igual forma que no ano 2004, e en posteriores exercicios conforme aos criterios que se acorden entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades.

- Fondo de nivelación:

Este fondo vai dirixido ás universidades da Coruña e Vigo, co obxecto de favorecer a converxencia interna no seo do Sistema Universitario de Galicia. Ten unha dotación inicial de 5.000.000 euros e a súa evolución é a mesma cá do fondo incondicionado, mais un punto.

- Achegas adicionais para a USC:

O financiamento que reciba a USC dos fondos anteriores será complementado durante os anos 2005 a 2008 cunha cantidade adicional de 1.350.000 euros, que ten como finalidade apoiar a recuperación económica da USC impulsada polo seu Plan de Equilibrio Económico Financeiro.

▪ **Plan de Equilibrio Económico-Financeiro da USC 2004-2006.**

O orzamento para o 2005 debe garantir o proceso de converxencia dos ingresos e gastos establecido no Plan de Equilibrio Económico-Financeiro da USC de cara á consecución do seu equilibrio no ano 2006. Coa finalidade de aquilatar este proceso de converxencia, o Plan de Equilibrio Económico-Financeiro recolle durante este exercicio 2005 un recurso ao endebamento por importe de 6.600.000 euros.

Na medida en que o marco financeiro da USC para os vindeiros anos, polo menos no que os seus principais ingresos se refire, queda definido polo novo Plan de Financiamento do SUG e polo Plan de Equilibrio Económico-Financeiro, o orzamento do exercicio 2005 debe supor a concreción definitiva do proceso de planificación económica que se vén realizando nos últimos anos, dando resposta ás necesidades financeiras da Universidade para a realización das súas funcións docentes, investigadoras e de prestación de servizos, en correspondencia co establecido na Programación Plurianual 2004-2006 aprobada este ano.

A liña de control e reaxuste de gastos que supón a recuperación económico financeira da universidade debe facerse ao fio da reflexión sobre os obxectivos considerados básicos para o desempeño das súas funcións e daqueles considerados estratéxicos para o avance e desenvolvemento futuro, todo iso no marco das dipoñibilidades financeiras.

É por iso que estas Liñas Xerais do orzamento priorizan, dende unha perspectiva financeira, os seguintes eixes considerados estratéxicos:

- Intensificar o esforzo financeiro nas funcións básicas de docencia e investigación, principalmente no que atinxe ás seguintes accións: calidade, persoal, Espazo Europeo de Educación Superior e tecnoloxías da información e as comunicacións.
 - En materia de docencia e investigación, incrementáanse os recursos asociados ás mesmas, en especial os que se xestionan descentralizadamente. Unha parte importante destes recursos repartiranse segundo programas que, en correspondencia cos obxectivos de calidade, introduzan ás unidades estruturais -centros, departamentos e institutos-, na cultura de asociar recursos recibidos a obxectivos, coa finalidade de afondar nunha asignación máis eficiente deles no marco dos obxectivos das distintas unidades e os da institución no seu conxunto.
Nesta liña orzamentáanse os créditos necesarios para continuar e impulsar as accións previstas no Plan de Calidade en docencia, investigación e servizos de apoio, e para financiar os acordos de interese mutuo que se deriven da planificación estratéxica que se está a desenvolver nas distintas unidades estruturais.
 - No que ao persoal se refire, inclúense os créditos necesarios para atender os compromisos derivados do cadro de persoal e da evolución acordada nos órganos de goberno, das súas derivas retributivas, así como dos procesos de estabilización e promoción do PDI derivados dos estatutos, e a execución da oferta de emprego do persoal de administración e servizos actualmente en curso.
 - Polo que respecta ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), inclúense no orzamento créditos específicos para avanzar nunha progresiva integración en dito espazo, no que respecta á análise, desenvolvemento de experiencias e de accións de formación do profesorado en relación ao mesmo.
 - No eido das TIC, intensifícase o esforzo financeiro para o desenvolvemento do Plan Estratéxico das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, recentemente aprobado.
- Incluir no orzamento recursos para dotar a primeira anualidade dun Plan trienal de reparacións, anovacións e mellora dos edificios (RAM), cuxos criterios básicos serán sometidos proximamente aos órganos de goberno, coa finalidade de facer fronte ás necesidades que os centros teñen neste ámbito, sobre todo no que atinxe á súa adaptación á futura realidade docente e investigadora e ás materias de seguridade e saúde laboral.
- Considerar nestas Liñas Xerais os créditos necesarios para a execución dos proxectos de infraestruturas que a USC ten en marcha: traslado de Filosofía a Mazarelos, comezo da reestruturación de CC. da Educación; concreción dos proxectos da Facultade de Medicina e Odontoloxía, Escola de Enfermería, e demais edificios do denominado Campus de Ciencias da Saúde, prevéndose iniciar as obras dos edificios priorizados no proxecto acordado cos centros implicados así como desenvolver os procesos urbanísticos necesarios para a súa materialización definitiva; executar o edificio de apoio a investigación de Lugo (CACTUS) e proxectar a súa segunda fase; executar o edificio para o Centro de Investigacións Biolóxicas (CIBUS); e a construción do edificio NEXUS.

Asemade, contéplase financiamento para a redacción dun Plan Xeral de Ordenación dos Campus que, no cadro dos procesos de revisión do planeamento urbanístico dos concellos de Santiago e Lugo, planifique as necesidades da USC nesta materia para os vindeiros anos, tanto no que se refire ás novas necesidades derivadas da reorganización de ensinanzas de grao e postgrao e novas titulacións -Enxeñería Técnica en Informática de Sistemas, Enxeñería Técnica de Obras Públicas e Enxeñería Técnica en Topografía-, como da ampliación e mellora das infraestruturas específicas de investigación; así como para a redacción dos proxectos das accións priorizadas no referido Plan.

- Dotar aos servicios á comunidade universitaria e a extensión cultural dos recursos necesarios para seguir afondando nunha maior calidade de vida nos campus e fomentando a participación e a integración da comunidade universitaria en xeral e a estudiantil en particular.
- Apoiar financeiramente os procesos de transferencia de coñecemento e dos resultados do desenvolvemento tecnolóxico así como a cultura emprendedora.
- Continuar impulsando liñas de actuación que intensifiquen a proxección internacional da USC e das súas actividades.
- Seguir afondando no proceso de descentralización na execución orzamentaria que vén desenvolvendo a universidade, dando resposta á súa realidade bicampus, co obxectivo de acadar unha administración máis eficiente e eficaz na xestión dos recursos.

Poder encadrar e impulsar dentro do orzamento estas liñas de actuación, máis alá do recurso ao endebedamento, obriga a seguir co proceso de axustamento de gastos en beneficio das accións priorizadas da docencia e da investigación. Este necesidade debe obrigarnos no exercicio 2005 a seguir afondando na virtude da corresponsabilidade e a transparencia cara á sociedade que nos financia, administrando con eficacia e eficiencia os recursos públicos que recibimos.

Na medida en que no momento de elaborar e presentar as Liñas Xerais non se contaba coa concreción suficiente dos criterios para a estimación definitiva dos ingresos do exercicio 2005 así como para a previsión dos gastos, o orzamento definitivo que se presenta ao consello de goberno recolle un incremento dos ingresos do capítulo III de 264.090,00 euros, que compensa a estimación do capítulo IV de ingresos polo mesmo importe.

O orzamento de 2005 contén ademais varias novidades respecto dos anteriores na súa presentación e contido. Tales novidades concrétanse en tres apartados:

1. A orzamentación dos Gastos de Persoal.

En cumprimento do disposto no artigo 81.4 da LOU, ao orzamento acompañano as Relacións de Postos de Traballo de Persoal Docente e Investigador e o de Administración e Servizos, que serven de base para a formulación orzamentaria.

No que atinxe ao PDI, a expensas do resultado da negociación pendente coas organizacións sindicais e os órganos de representación para a configuración dunha RPT definitiva, o orzamento inicial recolle a totalidade das prazas creadas no cadro de persoal, diferenciando aquelas que están ocupadas (de xeito definitivo ou provisorio) ou en curso de provisión, as cales recóllense como singularizadas, é dicir, como detalladas na súa adscrición a área de coñecemento e campus, das vacantes en sentido estricto, que figuran como non singularizadas, é dicir, sen esa adscrición a área e localidade, sobre as cales se adoptarán decisións do resultado da negociación citada.

No que atinxe ao PAS, a RPT recolle a xa aprobada no exercicio de 2004 coa minoración de tres prazas vacantes por xubilación, de conformidade cos acordos derivados da execución do Plan de Equilibrio Económico-Financeiro.

2. A actualización das normas de execución.

No que atinxe ás normas de execución do orzamento, recóllense as seguintes modificacións salientables:

- a) Unha adaptación á LOU e ao novo plano de financiamento, no que atinxe aos gastos do Capítulo I, establecendo o requisito necesario da autorización por parte da Comunidade Autónoma dos gastos de PAS e PDI; o establecemento do criterio de financiamento de prazas de substitución contra os saldos dispoñibles dos créditos ordinarios de persoal, para o cal facúltase á Xerencia para a adopción das instrucións necesarias para asegurar o control financeiro dos mesmos; e fíxase o destino da partida de persoal laboral eventual de administración e servizos.
- b) Unha regulamentación adaptada a Estatutos das normas de modificacións orzamentarias.

3. A introdución das tarifas por servizos universitarios cuxa fixación é competencia da Universidade.

Por último, no orzamento recóllense a totalidade das tarifas vixentes por servizos universitarios (con exclusión dos académicos para a obtención de títulos oficiais –os cales son fixados pola Comunidade Autónoma- e os de cursos de posgraio –que se fixan singularmente en función das características orzamentarias de cada curso-), co obxecto de facilitar a xestión dos mesmos e acrecer a transparencia na información orzamentaria.

II. INGRESOS E GASTOS. RESUMO XERAL

O proxecto de orzamento da USC para o ano 2005 ascende a 190,09 millóns de euros nos seus estados de ingresos e gastos, o que supón un incremento respecto á previsión inicial do exercicio 2004 de tan só un 1,60%. Este incremento derívase da evolución do custo dos cadros de persoal –no que se inclúen conceptos novos como son os Complementos Autonómicos-, do incremento dos prezos de determinados gastos correntes de funcionamento e dos recursos adicionais achegados ás accións estratéxicas fixadas na introducción destas Liñas Xerais. Eses incrementos compénsanse parcialmente co proceso de reestructuración dos gastos de funcionamento que ten en marcha esta universidade, principalmente no que atinxe aos servizos centrais.

O cadro nº 1 mostra os resumos do estado de ingresos e gastos clasificados por capítulos, de acordo coa preceptiva clasificación por natureza económica.

CADRO 1 RESUMO DO ORZAMENTO DO 2005 POR CAPÍTULOS.

INGRESOS			
CAPÍTULO	Euros (miles)	Pesetas (miles)	% total
III. Prezos públicos e outros ingresos	36.237,37	6.029.391,05	19,06%
IV. Transferencias correntes	113.680,55	18.914.851,99	59,80%
V. Ingresos patrimoniais	371,50	61.812,34	0,20%
<i>Total operacións correntes</i>	150.289,42	25.006.055,43	79,06%
VI. Alleamento de investimentos reais	--	--	--
VII. Transferencias de capital	32.797,51	5.457.046,50	17,25%
VIII. Variación de activos financeiros	--	--	--
IX. Variación de pasivos financeiros	7.000,00	1.164.702,00	3,68%
<i>Total operacións de capital</i>	39.797,51	6.621.748,50	20,94%
<i>Total operacións financeiras</i>	7.000,00	1.164.702,00	3,68%
TOTAL INGRESOS	190.086,93	31.627.803,94	100,00%
GASTOS			
CAPÍTULO	Euros (miles)	Pesetas (miles)	% total
I. Gastos de persoal	115.369,87	19.195.931,19	60,69%
II. Gastos en bens correntes e servizos	23.323,81	3.880.755,45	12,27%
III. Gastos financeiros	990,00	164.722,14	0,52%
IV. Transferencias correntes	2.994,03	498.164,68	1,58%
<i>Total operacións correntes</i>	142.677,71	23.739.573,46	75,06%
VI. Investimentos reais	47.171,94	7.848.750,41	24,82%
VII. Transferencias de capital	83,19	13.841,65	0,04%
VIII. Variación de activos financeiros	--	--	--
IX. Variación de pasivos financeiros	154,09	25.638,42	0,08%
<i>Total operacións de capital</i>	47.409,22	7.888.230,48	24,94%
<i>Total operacións financeiras</i>	154,09	25.638,42	0,08%
TOTAL GASTOS	190.086,93	31.627.803,94	100,00%

III. ORZAMENTO DE INGRESOS

Recóllense no cadro nº 2 as estimacións financeiras que dan contido ao estado de ingresos do orzamento da USC para o exercicio 2005. Os aspectos máis salientables respecto da previsión de ingresos que financia o orzamento da nosa Universidade analízanse de seguido.

CADRO 2

ORZAMENTO DE INGRESOS DA USC (en miles de euros)

ESTRUCTURA ECONÓMICA			
CAPÍTULO	2004	2005	% var. s/2004
III. Prezos públicos e outros ingresos	35.168,59	36.237,37	3,04%
IV. Transferencias correntes	105.235,52	113.680,55	8,02%
V. Ingresos patrimoniais	420,00	371,00	-11,55%
Total operacións correntes	140.824,11	150.289,42	6,72%
VI. Alleamento de investimentos reais	4.507,60	--	--
VII. Transferencias de capital	27.796,49	32.797,51	17,99%
VIII. Variación de activos financeiros	--	--	--
IX. Variación de pasivos financeiros	13.970,12	7.000,00	-49,89%
Total operacións de capital	46.274,21	39.797,51	-14,00%
Total operacións financeiras	13.970,12	7.000,00	-49,89%
TOTAL INGRESOS	187.098,32	190.086,93	1,60%

III.1. Operacións correntes

O orzamento de ingresos recolle nos seus capítulos terceiro ao quinto os ingresos por operacións correntes. O importe estimado nestas operacións para o ano 2005 é de 150,29 millóns de euros, o que supón o 79,06% dos ingresos totais inicialmente presupostados e proceden, na súa meirande parte, das transferencias correntes -59,80%- e dos prezos públicos e outros ingresos -19,06%-, sendo marxinais os ingresos patrimoniais -0,20%-.

Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos

A previsión orzamentaria deste capítulo, que inclúe os ingresos derivados da prestación dos servizos de carácter académico e o resto de servizos que a USC oferta á sociedade, acada a cifra de 36,24 millóns de euros, que en relación coa cantidade inicial orzamentada no exercicio 2004 supón un incremento do 3,04%.

Destaca neste capítulo a evolución dos ingresos por servizos non relacionados coas taxas de matrícula, en especial o crecemento dos ingresos por servizos e contratos de

investigación. A previsión para este ano é de 12,9 millóns de euros, o que supón un incremento do 7,5% respecto ao orzamentado no 2004.

A evolución destes conceptos compensa a diminución dos ingresos por prezos de matrícula derivada da evolución de número de alumnos matriculados, que fan que, globalmente, estes ingresos se veñan reducindo de forma continuada nos últimos anos. A estimación dos ingresos por matrícula incluídos no orzamento do 2005 fíxose partindo da liquidación prevista para o ano 2004, actualizándose o seu importe coa media de subida de prezos e a diminución media do número de alumnos nos últimos anos, que está no entorno do 6%.

Inclúense tamén neste capítulo os ingresos por cursos de posgrao por un importe de 2,45 millóns de euros.

Capítulo IV. Transferencias correntes

O importe inicialmente orzamentado neste capítulo para o ano 2005 ascende á cantidade de 113,68 millóns de euros, o que supón o 59,80% dos recursos totais do presuposto da Universidade. Esta estimación representa un aumento do 8,02% respecto do orzamento do ano 2004, e ten a súa orixe, fundamentalmente, nos reucursos adicionais que, con carácter corrente, achega o novo Plan de Financiamento do SUG 2005-2010.

Os conceptos máis salientables dos ingresos por transferencias correntes son os seguintes:

- O financiamento básico incondicionado recollido no Plan de Financiamento do SUG, por importe de 100,47 millóns de euros.
- A estimación dos ingresos da USC polo fondo para contratos-programa do Plan de Financiamento do SUG.
- Dúas partidas finalistas de 3,24 e 2,61 millóns de euros, que teñen por obxecto cubrir os gastos respectivos derivados da avaliación positiva de tramos de investigación e dos complementos autonómicos para o persoal docente e investigador.
- Outra partida, igualmente finalista, de 4,29 millóns de euros derivados do acordo co SERGAS.
- Dentro do resto de conceptos do capítulo IV, de menor importancia relativa, destacan os convenios con empresas e entidades financeiras –por importe de 1,62 millóns de euros- e outro financiamento externo asociado a programas específicos.

Capítulo V. Ingresos patrimoniais

Neste capítulo recóllese a previsión dos ingresos que se producirán no ano 2005 pola utilización dos activos que integran o patrimonio da Universidade por parte de terceiros -xuros e concesións administrativas principalmente-. O importe inicialmente previsto ascende á contía de 0,37 millóns de euros, cantidade inferior á prevista en exercicios anteriores.

III.2 Operacións de Capital

As denominadas operacións de capital aglutinan os recursos provenientes dos capítulos VI, VII, VIII e IX do orzamento de ingresos. Deles, os dous últimos capítulos conforman as coñecidas como operacións financeiras.

A cantidade inicialmente orzamentada para o ano 2005 no conxunto das operacións de capital acada a cifra de 39,80 millóns de euros, o que representa o 20,94% do total do presuposto de ingresos, cunha diminución respecto ao exercicio anterior do 11%, debido ao menor recurso ao endebedamento. Desta cantidade 32,80 millóns correspóndense con operacións reais e 7 millóns de euros con operacións financeiras.

Os aspectos máis salientables da desagregación das operacións de capital, atendendo á clasificación económica, son os seguintes:

VII. Transferencias de capital

Este capítulo, que é expresión do conxunto de subvencións e transferencias que recibe a USC para gastos de capital, na súa meirande parte con carácter finalista, é dicir, con destino predeterminado polo organismo subvencionador, elévase a 32,79 millóns de euros, cantidade que supón un incremento do 17,99% respecto ao exercicio 2004. Este crecemento derívase, principalmente, do incremento dos recursos ligados ás infraestruturas, das novas subvencións de capital integradas dentro do Plan de Financiamento do SUG e do incremento dos ingresos asociados á investigación.

Das cantidades integradas neste capítulo cómpre destacar:

- Transferencias da Comunidade Autónoma correspondentes a novos investimentos e RAM incluídas no Plan de Financiamento do SUG, por importe de 5,8 millóns de euros.
- A estimación da execución durante o 2005 dos investimentos xa concedidos dentro do programa FEDER, que ascenden a 4 millóns de euros para obras do edificio CIBUS, no campus de Santiago, e 1ª fase do CACTUS no campus de Lugo.
- A previsión de execución para o ano 2005 de infraestrutura científica solicitada ao FEDER para o bienio 2005-2006, cuxa convocatoria será resolta proximamente, por importe de 1,33 millóns de euros.
- As cantidades conveniadas con entidades externas -Consellería de Sanidade, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, Deputación da Coruña e IGAPE-, para o financiamento correspondente a este exercicio en relación co edificio NEXUS, os edificios do denominado Campus de Ciencias da Saúde e a Urbanización da Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Todo isto por importe de 7,08 millóns de euros.
- Finalmente, outro apartado significativo neste capítulo é a presupostación, tanto en ingresos como en gastos, da anualidade prevista para o exercicio 2005 dos proxectos e infraestruturas de investigación, resultado de convocatorias competitivas, e que son financiados pola Comunidade Autónoma, Administración Central e Unión Europea, que supoñen unha estimación aproximada duns 12 millóns de euros.

Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros

Como se aprobou dentro do Plan de Equilibrio Económico-Financeiro, no exercicio 2005, coa finalidade de cubrir as necesidades básicas de funcionamento da USC, inclúese un ingreso por endebedamento de 6,6 millóns de euros. Este endebedamento materialízase nunha operación de crédito cuxa previsión de carga financeira se recolle de seguido, en correspondencia coas previsións do Plan de Equilibrio Económico-Financeiro da USC, que contempla un refinanciamento da totalidade da débeda da USC a un prazo de 15 anos, incluíndo dous de carencia.

Recóllese tamén neste capítulo a cantidade de 0,40 millóns de euros correspondente á estimación da anualidade do 2005 do programa de axudas reembolsables para parques científicos e tecnolóxicos, que se articulan mediante unha variación de pasivos financeiros.

A carga financeira estimada para o endebedamento dos 6,6 millóns de euros, cunha previsión de xuro do 2,47% -0,20 máis do que se está a pagar actualmente-, e supoñendo que o préstamo se contrae a mediados do ano 2005, é a seguinte:

Ano	Xuros	Amortización
2005	78.985,91	
2006	156.684,00	
2007	116.759,71	253.846,15
2008	109.226,83	507.692,31
2009	134.085,35	507.692,31
2010	122.032,73	507.692,31
2011	109.980,12	507.692,31
2012	97.927,50	507.692,31
2013	85.874,88	507.692,31
2014	73.822,27	507.692,31
2015	61.769,65	507.692,31
2016	49.717,04	507.692,31
2017	37.665,42	507.692,31
2018	25.611,81	507.692,31
2019	13.559,19	507.692,31
2020	2.259,87	253.846,15

IV. PRESUPOSTO DE GASTOS

O estado de gastos do orzamento da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2005 recóllese no cadro nº 3. Para a súa análise, dende a vertente económica dos créditos que o integran, debemos de ter en conta que o presuposto clasifica nos seus capítulos primeiro ao cuarto os gastos por operacións correntes que acadan para o exercicio presupostado a contía de 142,68 millóns de euros, o que representa o 75,06% do total de gastos. Os capítulos sexto ao noveno conforman as denominadas operacións de capital, que describen as variacións na estrutura do patrimonio da nosa institución. A dotación inicialmente prevista en concepto de operacións de capital ascende a 47,41 millóns de euros, o que representa o 24,94% do total dos gastos programados para o ano 2005 pola nosa Universidade.

CADRO 3

ORZAMENTO DE GASTOS DA USC (en miles de euros)

ESTRUCTURA ECONÓMICA			
CAPÍTULO	2004	2005	% var. s/2004
I. Gastos de persoal	111.001,65	115.369,87	3,94%
II. Gastos en bens correntes e servizos	22.517,22	23.323,81	3,58%
III. Gastos financeiros	625,00	990,00	58,40%
IV. Transferencias correntes	3.055,37	2.994,03	-2,01%
Total operacións correntes	137.199,24	142.677,71	3,99%
VI. Investimentos reais	49.035,77	47.171,94	-3,80%
VII. Transferencias de capital	83,19	83,19	0,00%
VIII. Variación de activos financeiros	--	--	--
IX. Variación de pasivos financeiros	780,12	154,09	-80,25%
Total operacións de capital	49.899,08	47.409,22	-4,99%
Total operacións financeiras	780,12	154,09	-80,25%
TOTAL GASTOS	187.098,32	190.086,93	1,60%

Capítulo I. Gastos de persoal

Os créditos previstos para este capítulo no orzamento ascenden a 115,37 millóns de euros, o que supón un crecemento respecto ao exercicio anterior do 3,94%.

Os gastos de persoal representan, con diferenza, o maior peso porcentual dentro do total de gastos da universidade, un 60,69%, o cal ten a súa lóxica en tanto que institución prestadora de servizos de docencia e investigación.

Á hora de analizar os gastos de persoal, resulta importante diferenciar dentro deste capítulo os gastos que levan asociado directamente financiamento externo, como é o caso dos sexenios de investigación e os complementos autonómicos, os pagamentos realizados ao abeiro do concerto entre a USC e o SERGAS ou os asociados a determinados convenios, do resto de gastos de persoal, que deben ser financiados cos recursos incondicionados dos que dispón a USC. O incremento dos gastos de persoal financiados con recursos propios da USC

respecto do exercicio 2004 ascende a 1,34 millóns de euros, o que representa en termos porcentuais un 1,29%. A diminución no crecemento deste concepto de gasto débese aos compromisos establecidos dentro do Plan de Equilibrio Económico-Financeiro.

O incremento total previsto para o capítulo I obedece, ademais, aos seguintes motivos:

- Aplicación das actualizacións anuais do IPC (2%) e dos acordos que a nivel estatal asinaron a Administración e os Sindicados para o ano 2005, polo que se incrementan as pagas extraordinarias nunha cantidade equivalente ao 20% do complemento de destino, o que supón que nos tres últimos anos pasou a percibirse un total do 60% deste concepto.
- Ao igual que en exercicios anteriores, mantense o importante crecemento vexetativo dos complementos retributivos do persoal docente e investigador, tales como trienios, dedicación docente e produtividade investigadora, aos que se engaden no orzamento do 2005 os complementos autonómicos, todo isto como consecuencia do especial réxime retributivo do profesorado e da composición do cadro de persoal.
- Aumento das prazas nas categorías de maior nivel como consecuencia da execución das políticas de promoción e mellora vixentes.
- Finalmente, a estimación do compromiso derivado do Concerto co SERGAS, de realizar o pagamento do complemento retributivo asistencial dos profesores que traballan no Complexo Hospitalario Universitario, supón un montante de 4,08 millóns de euros.

Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos

No capítulo de gastos en bens correntes e servizos estímase unha necesidade de recursos por importe de 23,32 millóns de euros, o que supón un incremento do 3,58% respecto do exercicio 2004.

Este incremento é o resultado de aumentar nun 8% os recursos que se reparten aos centros en relación coa docencia e o mantemento de edificios, o impulso dos programas de calidade da docencia e os servizos, as accións relacionadas co EEES, as actuacións na área TIC, e as derivas dos servizos externos de limpeza e mantementos. Estes incrementos compénsanse parcialmente coa minoración en gastos de funcionamento de servizos centrais, comunicacións, subministracións asociadas ao programa de optimización enerxética e gastos diversos.

Cabe salientar, con relación á dotación deste capítulo, os seguintes aspectos:

- En correspondencia co recollido na introdución destas Liñas Xerais, e coa finalidade de impulsar os programas de calidade da docencia e os servizos, e a integración no EEES, inclúense créditos para estas accións por importe de 0,86 millóns de euros.
- O gasto estimado como necesario para o servizo de limpeza ascende a 5,94 millóns de euros, o que supón un incremento do 8,63% respecto ao exercicio anterior.
- Inclúese unha partida de 0,75 millóns de euros para facer fronte ás indemnizacións derivadas de decisión xudiciais.

- Así mesmo, contéplase un crédito xenérico de 2,20 millóns de euros -2,45 millóns de ingresos menos o 10% para gastos e investimentos comúns- para os cursos de posgrao e especialización.

Capítulo III. Gastos financeiros

A dotación no orzamento para este capítulo ascende a 0,99 millóns de euros, o que representa o 0,52 % do gasto total da universidade. Esta estimación fíxose segundo a previsión das cargas financeiras por xuros das débedas xa contraídas e das previstas pola USC dentro do seu Plan de Equilibrio Económico Financiero, incluídas as correspondentes a este orzamento.

Capítulo IV. Transferencias correntes

O crédito total deste capítulo ascende a 2,99 millóns de euros, o que supón unha diminución do 2,01% respecto dos créditos inicialmente aprobados para o ano 2004. Esta diminución, ao igual que xa se fixo no ano anterior, concéntrase principalmente nas subvencións concedidas pola USC a entidades externas, fundacións, etc. Mantense na súa totalidade o esforzo nas liñas de axuda e bolsas, complementarias respecto das concedidas por outras administracións públicas, e nas relacionadas con actividades de extensión universitaria. Incrementáanse as bolsas relacionadas coa investigación nun 8% e as partidas con financiamento externo afectado.

Capítulo VI. Investimentos reais

Os créditos para gastos de investimento incluídos no presuposto para o ano 2005 ascenden a 47,17 millóns de euros, o que representa o 24,82% do total do presuposto de gastos da Universidade para este exercicio, cubrindo as previsións da universidade para este ano en materia de investimentos reais e de investigación.

Respecto das dotacións incluídas neste capítulo convén destacar as seguintes actuacións:

- Recóllese no orzamento a anualidade correspondente ao exercicio 2005 dos edificios de investigación para os que se ten acadado financiamento parcial do FEDER –CIBUS e a 1ª Fase do edificio do CACTUS de Lugo-, ou doutras entidades –como é o caso do NEXUS, con financiamento do IGAPE e da Deputación da Coruña-. A cantidade orzamentada para as achegas do FEDER ascende a 4 millóns e da Deputación da Coruña e do IGAPE a 1,02 millóns de euros. A estas actuacións debe engadirse o traslado de Mazarelos e o inicio da reestructuración do complexo de CC. da Educación. A universidade achega para o conxunto destas actuacións 3,7 millóns de euros de recursos propios para investimentos.
- Inclúense como orzamento de investimentos 4 millóns de euros, aos que se deben engadir 1,5 retidos de exercicios anteriores, para a concreción dos proxectos da Facultade de Medicina e Odontoloxía, Escola de Enfermería e demais edificios do denominado Campus de Ciencias da Saúde, así como para a estimación de execución dos edificios cos que se vai a comezar o proxecto acordado cos centros implicados.
- Dótase con 1 millón de euros, aos que se deben engadir 0,25 millóns incluídos no capítulo II, o Plan de reparacións, anovacións e mellora dos edificios.

- Asígnanse 1,19 millóns de euros para equipamento informático, equipamento docente, novas titulacións e equipamento dos edificios que se porán en funcionamento durante o ano 2005.
- Prevense dotacións orzamentarias asociadas á infraestrutura científica financiadas con recursos propios, polos programas FEDER e polas concesións acadadas no programa de axudas reembolsables para parques científicos e tecnolóxicos, por importe de 3,87 millóns de euros.
- En correspondencia cos eixos estratéxicos nos que se basean estes orzamentos, incrementáanse nun 8% os recursos repartidos aos centros docentes para moblaxe e equipamento e nun 6% os recursos para o terceiro ciclo.
- Créditos para a adquisición de libros e publicacións periódicas por importe de 2,66 millóns de euros. Estes recursos permiten un incremento do 11,86% nas cantidades dedicadas á adquisición de monografías e garanten o mantemento das subscricións periódicas na situación actual, sen necesidade de recortes adicionais agás que estes se deriven de procesos de reestructuración. Debe terse en conta que o proceso de adquisición e subministración de publicacións periódicas a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia ten permitido incrementar significativamente o número de revistas a disposición dos investigadores así como a facilidade de acceso ás mesmas, sen incremento no seu custo.
- En cumprimento da enmenda introducida polo Claustro Universitario na aprobación das Liñas Xerais, o conxunto das partidas relacionadas coa investigación se incrementan aproximadamente nun 8%, quedando en relación ás mesmas pendente a definición dos criterios de reparto, tanto entre conceptos como entre as unidades estruturais beneficiarias destes recursos. O crédito para as accións relacionadas coa investigación ascende a 2,45 millóns de euros, incluíndo as convocatorias propias, accións de promoción, financiamento de institutos e departamentos –en especial no relacionado cos obxectivos da planificación estratéxica- e a transferencia de tecnoloxía.
- Os créditos orzamentados para convenios, contratos e proxectos de investigación ascenden a 20,9 millóns de euros.

Capítulo VII. Transferencias de Capital

No capítulo de Transferencias de Capital aparecen presupostados para este exercicio os créditos necesarios para facer fronte ás obrigas derivadas do convenio asinado pola USC co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, que representan un total de 0,08 millóns de euros.

Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros

Neste capítulo recóllense os créditos destinados á amortización do endebedamento contraído pola Universidade. No Orzamento do ano 2005, e en correspondencia coas previsións recollidas dentro do Plan de Equilibrio Económico Financeiro, inclúense 0,15 millóns de euros para a primeira cuota de amortización do programa de axudas reembolsables para parques científicos e tecnolóxicos.

REPARTO DO CRÉDITO AOS CENTROS DOCENTES E DEPARTAMENTOS

Os criterios de reparto dos créditos contemplados neste orzamento do ano 2005 para ser distribuídos entre Centros Docentes e Departamentos, deberán ser analizados e aprobados conxuntamente cos mesmos.

Por elo propomos, que unha vez aprobados os orzamentos e, con eles a cuantía dos créditos a distribuír, as comisións de economía e investigación do Consello de Goberno elaboren conxuntamente cos decanos, directores de centros e de departamentos

ORZAMENTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2005

En virtude do disposto no artigo 81 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, e no artigo 171 dos Estatutos da Universidade aprobados por decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, por esta norma apróbanse os presupostos da Universidade de Santiago de Compostela para o exercicio 2005, que acadan a contía inicial en ingresos e gastos de **CENTO NOVENTA MILLÓNS OITENTA E SEIS MIL NOVECENTOS TRINTA EUROS**

1.- CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

INGRESOS	190.086.930,00
-----------------	-----------------------

Capítulo III.-	Prezos públicos e outros ingresos.....	36.501.460,00
Capítulo IV.-	Transferencias correntes	113.416.460,00
Capítulo V.-	Ingresos patrimoniais	371.500,00
Capítulo VII.-	Transferencias de capital	32.797.510,00
Capítulo IX.-	Variación de pasivos financeiros.....	7.000.000,00

GASTOS	190.086.930,00
---------------	-----------------------

Capítulo I.-	Retribucións de persoal.....	115.369.870,00
Capítulo II.-	Gastos en bens correntes e servizos	23.323.810,00
Capítulo III.-	Gastos financeiros	990.000,00
Capítulo IV.-	Transferencias correntes	2.994.030,00
Capítulo VI.-	Investimentos reais.....	47.171.940,00
Capítulo VII.-	Transferencias de capital	83.190,00
Capítulo IX.-	Variación de pasivos financeiros.....	154.090,00

2. NORMAS DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO

DOS GASTOS DE PERSOAL

Artigo 1º

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispón a Lei de orzamentos da comunidade autónoma galega. Os custos de persoal docente e investigador, así como os de administración e servizos, deberá ser autorizados pola Comunidade Autónoma. Os proxectos de disposicións que creen ou modifiquen a estrutura orgánica da universidade ou os cambios das relacións de postos de traballo non derivadas dunha nova estrutura orgánica, incluíndo o seu custo, remitiranse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo coas instrucións que esta fixe para a autorización dos custos pola Comunidade Autónoma.

2. As contratacións de persoal para substitucións de vacantes, baixas por enfermidade ou outras causas serán financiadas con cargo aos créditos dos correspondentes cadros de persoal sempre que exista crédito dispoñible. Para estes efectos a Xerencia dictará as instrucións necesarias para asegurar o control orzamentario na xestión dos créditos correspondentes.

3. A partida de persoal laboral eventual de administración e servizos aplicarase a atender necesidades coxunturais de servizos de investigación, Consello Social, atención de horarios expandidos de bibliotecas, reforzos para os procesos de matrícula e información a estudantes e reforzo do Centro de Linguas Modernas ata a súa reorganización.
4. Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos financiados con prezos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas sociais, non poderán superar os ingresos.
5. A xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do presuposto e emitirá os cargos internos correspondentes.
6. Terán a consideración de créditos ampliables os créditos para o pagamento dos gastos de mérito docente, produtividade investigadora, complemento retributivo autonómico, trienios e seguridade social.
7. Inclúense no capítulo I os créditos destinados ao financiamento dos plans de formación do Persoal de Administración e Servizos, así como os correspondentes á achega da universidade ao plan de pensións e seguros do persoal.
8. O Servizo de Planificación e Programación Docente e Persoal Docente e Investigador e o Servizo de Planificación e Programación de PAS deberán efectuar trimestralmente o control presupostario das partidas e categorías correspondentes.

DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

Artigo 2º

1. Os créditos autorizados teñen carácter vinculante e limitativo a nivel de concepto. Non obstante, os créditos destinados a gastos de persoal terán carácter vinculante a nivel de capítulo, agás o artigo 15 (gratificacións e produtividade). Os investimentos reais, activos e pasivos financeiros terán carácter vinculante a nivel de artigo. Os gastos en bens correntes e servizos terán carácter vinculante a nivel de capítulo.
2. Con carácter xeral terán carácter vinculantes os créditos con financiamento específico, e, a nivel de subconcepto, as subvencións nominativas.
3. Non se poderán adquirir compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados no estado de gastos e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan esta norma, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.
4. Os créditos asignados polo Consello de Goberno e o Consello Social ás Facultades, Escola Politécnica Superior e Escolas Universitarias terán por finalidade financiar os gastos da docencia, así como tamén aqueles gastos que son necesarios para o funcionamento ordinario do Centro. Namentres non se efectúe a distribución por centro deste créditos de acordo cos criterios que se establezan, consignarase como crédito inicial dispoñible para cada centro o 60% do repartido en 2004 redondeado a múltiplos de 10, quedando a diferenza global orzamentada nun fondo de reparto a distribuír con posterioridade.
5. Os créditos distribuídos aos departamentos teñen como primeiro obxectivo atender os gastos derivados da investigación que se faga neles, e deberán financiar, ademais, outros gastos asociados ao seu funcionamento ordinario.
6. Non se poderá contratar persoal ou nomear bolseiros con cargo aos créditos dos departamentos.

7. Para a adopción de medidas de mellora da calidade docente ou investigadora, coa autorización do Vicerreitorado de Organización Académica e Profesorado ou do Vicerreitorado de Investigación e Innovación, os centros e departamentos poderán tramitar diante da Xerencia proposta de cofinanciamento de persoal de apoio con cargo aos seus respectivos créditos.
8. As partidas presupostarias do presuposto para o 2005 preséntanse de acordo coas clasificacións económica, funcional e orgánica, sen establecer vinculacións xurídicas dentro da clasificación funcional.
9. Os Responsables de Asuntos Económicos deberán facer as retencións de crédito e sucesivos axustes dos gastos correspondentes ás nóminas de persoal contratado con cargo a créditos financiados con achegas específicas conforme lle sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.
10. Os gastos de reparación e mantemento de edificios que sexan inferiores a 1.200,00 €deberán financiarse con cargo ao crédito descentralizado aos centros para esa finalidade.
11. A dotación de anualidades ou novas partidas presupostarias para contratos, convenios, proxectos e infraestruturas de investigación realizaranse pola Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT) con distribución desde as partidas xenéricas 8050.2000.62300 (infraestruturas) 8050.2000.64100 (proxectos) e 8050.2000.64100 (contratos e convenios). O importe dotado corresponderase coa anualidade indicada na resolución da correspondente subvención e, no caso de prestación de servizos, co importe da facturación prevista para 2005. No caso de que as dotacións a realizar superen o importe das referidas partidas efectuarase a correspondente xeración de crédito. A comunicación das dotacións orzamentarias que efectua a OIT aos directores dos centros de gasto e responsables de asuntos económicos é plenamente operativa, sen que sexa precisa a comunicación polo Servizo de Contabilidade e Orzamentos.
12. No mes de xaneiro de 2005 efectuarase retención de crédito polo importe dos contratos en vigor de servizos e subministracións, o importe a consignar será o acordado para o ano en caso de ser un contrato de contía fixa e o importe estimado de consumo en caso de contratos de contía variable. Para a revisión de prezos dos contratos deberá enviarse ao Servizo de Control Interno a retención de crédito efectuada segundo o dito anteriormente.

Artigo 3º

A Xunta de Centro e o Consello do Departamento teñen a obriga de aprobar a distribución anual dos seus créditos así como a súa execución.

Artigo 4º

1. A modificación dos créditos presupostarios axustarase ao disposto no artigo 175 dos estatutos da Universidade de Santiago -mentres non se efectúe o desenvolvemento do artigo 82 da Lei orgánica de universidades- e nas presentes bases.
2. O Consello de Goberno autorizará as transferencias de crédito entre os diferentes capítulos de gastos e de gastos correntes a gastos de capital, non obstante o Reitor acordará as que non superen o 5% do importe total do capítulo afectado. As transferencias de gastos de capital a calquera outro capítulo serán autorizadas polo Consello social, por proposta do Consello de Goberno.

O reitor autorizará as distribucións de crédito que se realicen tecnicamente como transferencias por esixencias do programa contable e que se corresponden coas dotacións efectúadas desde as partidas que actúan como fondos a distribuír: titulacións propias, créditos centros docentes pendentos reparto, aulas informáticas, prácticas de campo, programas de

calidade, cursos de posgrao, teses de doutoramento, concursos de provisión de prazas, imprevistos, proxectos, contratos e infraestruturas de investigación.

3. Poderán xerar crédito nos estados de gastos do presuposto da Universidade, os ingresos liquidados que superen a previsión de ingresos presupostada, derivados das seguintes operacións:

- Prestacións de servizos.
- Achegas de persoas naturais ou xurídicas para financiar gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da universidade.
- Corresponde ao reitor a aprobación dos expedientes de xeración de crédito.

Artigo 5º

